



## INSTRUCCIÓN DE MATRÍCULA - CURSO 2023-24

- 1.- **SOLICITUDE DE MATRÍCULA.** Na secretaría do centro dispón dos formularios necesarios para formalizar a matrícula, solicitude de matrícula e ficha do alumno. Tamén poderá descargar o formulario para a solicitude de matrícula dende a páxina web do centro. Unha vez cumprimentado deberá presentalo na secretaría do centro xunto co resto da documentación. Poderán descargar tamén outros formularios para solicitude de transporte, taquilla, etc.
- 2.- **DATOS PERSOAIS E FAMILIARES.** Deberá cumprimentarse con letra lexible e concordar coa que figura na documentación acreditativa. Os **números de teléfono e correos electrónicos** teñen que estar **actualizados**. Calquera modificación destes datos que se produza ao longo do curso deberá comunicarse ao centro.
- 3.- **SECCIÓN BILINGÜE.**
  - En **1º ESO**, indicárase na solicitude de matrícula incorporarse á sección bilingüe, pola que se cursarán as materias de Educación Física e Educación Plástica e Audiovisual en Inglés.
  - En **3º ESO**, indicárase na solicitude de matrícula cursar a optativa de Educación Dixital en inglés.
- 4.- **ENSINANZAS DE RELIXIÓN.** Indicárase a opción elixida entre Relixión (Católica, Evanxélica, Islámica, Xudía, ...) ou a materia alternativa: Proxecto Competencial.
- 5.- **MATERIAS OPTATIVAS.** Respetarase a elección manifestada no posible, atendendo a cuestións de índole organizativa do centro e ao número mínimo de 10 alumnas/os para a constitución do grupo.
  - 3º ESO, unha materia optativa** a elixir entre: 2ª Lingua estranxeira-Francés, Cultura Clásica, Educación Dixital, Oratoria ou Cultura Financeira (*esta última pendente de aprobación normativa no momento da impresión destas instrucións*). Numerarase as opcións do 1 ao 6. Asignarase a de numeración máis baixa sempre que sexa posible
  - 4º ESO**, cinco materias a elixir entre:
    - o **Matemáticas A** (desenvólvense preferentemente mediante a resolución de problemas, a investigación e a análise matemática de situacións da vida cotiá) / **Matemáticas B** (profundan, ademais, nos procedementos alxébricos xeométricos, analíticos e estatísticos, incorporando contextos matemáticos, científicos e sociais).
    - o **Dúas materias de opción** configuradas en **itinerario**. Numerar do 1 ao 3 as tres alternativas:
      - Bioloxía e xeoloxía, e Física e química.
      - Economía e emprendemento, e Latín.
      - Formación e Orientación Personal e Profesional, e Tecnoloxía.
    - o **Unha materia de opción** a elixir, numerando por orde de preferencia entre as seguintes: Dixitalización, Expresión Artística, Música e 2ª Lingua Estranxeira-Francés. Asignarase a de numeración máis baixa sempre que sexa posible.
    - o **Unha materia optativa** a elixir, numerando por orde de preferencia entre as seguintes: Cultura Clásica (*se non foi cursada en 3º de ESO*), Filosofía, Oratoria (*se non foi cursada en 3º de ESO*), 2ª lingua estranxeira-Francés (*se non se escolle como materia de opción*) e Intelixencia Artificial (*esta última pendente de aprobación normativa no momento da impresión destas instrucións*). Numerarase as opcións do 1 ao 5. Asignarase a de numeración máis baixa sempre que sexa posible.



**6.- TRANSPORTE ESCOLAR.** Só teñen dereito ao uso do transporte escolar o alumnado que resida na zona de influencia do centro e a máis de 2 km de distancia do mesmo.

Para distancias inferiores (usuarios excepcionais) requírese dunha autorización do Servizo de Apoio aos Servizos Educativos da Xefatura Territorial da Consellería Educación, condicionada á conformidade da dirección e á existencia de prazas vacantes. Dita autorización estará sempre suxeita a que non haxa que asignar máis prazas a outro alumnado con dereito preferente escolarizado a posteriori, ou muden os contratos do servizo.

**7.- PRAZO DE MATRÍCULA:** Atención preferente nas datas seguintes en horario de 8.30h a 14.00h

**do 23 de xuño ao 7 de xullo**

1º ESO	23, 26 e 27 de xuño
2º ESO	5, 6 e 7 de xullo
3º ESO	30 de xuño, 3 e 4 de xullo
4º ESO	28, 29 e 30 de xuño

De non formalizar a matrícula no período establecido, entenderemos que renuncia á praza.

**8.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA**

*Cómpre presentar en todos os casos:*

- Solicitud de matrícula cuberta.
- Ficha do/a alumno/a cuberta.
- 2 fotos tamaño carné (unha pegada na ficha e outra co nome e apelidos por detrás. Non se admitirán fotografías con gafas de sol, gorras ou similares, nin fotocopias de fotos).
- Recibo do pagamento do Seguro Escolar (3º e 4º cursos, 1,12€ abóase na conserxería do centro).

*Para todo o alumnado que se matricule por primeira vez neste Instituto e, para o alumnado do propio centro con datos diferentes dos que figuran rexistrados, por modificacións ou actualizacións dos mesmos ou que por algunha razón, non os achegara anteriormente, cómpre que presente tamén os seguintes documentos:*

- Fotocopia da tarxeta sanitaria (1º e 2º curso).
- Fotocopia do DNI ou da Tarxeta de residencia do alumno/a.
- Fotocopia do Libro de familia onde figuren os pais e o/a alumno/a e demais páxina cubertas.
- Acreditación da Tutela legal e Garda e custodia mediante fotocopia da sentenza ou convenio regulador (no caso de separación ou divorcio).
- Fotocopias dos DNI, NIE ou pasaporte dos proxenitores ou dos titores legais.

*Ademais, presentaranse segundo corresponda os seguintes:*

- Certificación académica (no caso de alumnado procedente doutros centros non adscritos).
- Inscripción no Programa Alerta Escolar (no caso de patoloxías crónicas).
- Recibo de pagamento da ANPA (se é socio/a).
- Solicitud de transporte escolar (paradas máis próximas ao centro dist.<2 km suxeitas á aprobación polo Servizo Territorial).
- Impreso de autorización a terceiras persoas para a recollida do/a alumno/a.
- Outros (especificar):* .....